



## ¿Coñeces Marín? 7 imprescindibles para a túa próxima viaxe a Galicia

A mancomunidade turística de Terras de Pontevedra conta con unhas paisaxes maravillosas que namoran ós viaxeiros que visitan as Rías Baixas. As praias de Marín son algunhas delas, pero isto non é o único que oferta o concello.

Neste artigo percorremos algún dos lugares e as actividades imprescindibles que non te podes perder na túa próxima visita a Marín.

### 1.- O Casco Antigo de Marín

Famosa pola Escola Naval, Marín ten tamén un coqueto casco antigo de orixe medieval. Na Praza do Reloxo, as antigas casas de pescadores conviven coa señorial Casa das Irmás Fontenla, así como con algunhas das casas que pertencían ós corsarios ó servizo do rei. Tamén atopamos aquí o Templo Vello, unha igrexa de aspecto barroco de orixe no século XII, cando o Convento de Oseira se estableceu nesta en Marín.

A Praza de Abastos, a Alameda cos seus xardíns e o Palco da Música ou o Museo Manuel Torres, son outros dos puntos que ben merecen unha visita.

### 2.- Labirintos de Mogor

A poucos metros da Praia de Mogor, atópase un dos petróglifos máis representativos de toda Galicia: A Pedra do Labirinto. Este labirinto, que durante anos compuxo a imaxe turística de Galicia, é tamén un dos grandes enigmas da arte rupestre, con sete composicións circulares que, xunto coa Pedra dos Campiños e a Pedra dos Mouros, poñen en contacto as tradicións rupestres do Atlántico e do Mediterráneo.

A mellor hora para intentar descubrir os seus segredos e o tesouro que, segundo a lenda popular, se agocha debaixo destas rochas, é no solpor. O Centro de Interpretación que se atopa ó pe da área arqueolóxica, organiza visitas guiadas ó longo do ano, tanto diúrnas como nocturnas (reserva previa obrigatoria na tempada baixa.)

### 3.- Castro de A Subidá

Os Labirintos de Mogor non son a única mostra do pasado prehistórico de Marín. Moí preto da vila de Marín atópase o Castro de A Subidá, un asentamento datado entre os séculos I e IV dC.

Os restos deste castro fálannos dunha economía baseada na agricultura e gandería, pero tamén no marisqueo e no comercio con outros lugares de Europa. Ademais, o sitio ofrece unha increíbles vistas de Marín, a Illa de Tambo e a Ría de Pontevedra.

No Museo de Pontevedra pódense visitar algún dos materiais que se atoparon nas distintas escavacións realizadas neste castro.

### 4.- Granxa de Briz

A Granxa de Briz, tamén coñecida como Parque dos Sentidos, atópase no que fora a antiga "Granxa da Costa" dos monxes de Oseira.

Preto de 24.000 metros cadrados deseñados para que nenos e maiores disfruten con tódolos sentidos a través de xogos infantís, esculturas en madeira, estanques, instrumentos musicais, un auditorio e frondosas árbores.

Outro gran favorito das familias é o Lago Castiñeiras, que Marín comparte con Vilaboa. Este gran miradoiro natural conta con unha área recreativa, un Centro de Recuperación da Fauna Silvestre e un dos campos de dolmenes máis importantes de Galicia, no que se atopa a famosa Mámoa do Rei.

### 5.- Os roteiros de sendeirismo

A natureza que rodea Marín pódese explorar a través dos distintos roteiros que oferta a localidade. Un dos máis coñecidos é o dos Cinco Miradoiros, un roteiro circular de 10 quilómetros e dificultade media-baixa que mostra algunhas das panorámicas máis imponentes da Ría de Pontevedra.

De maior dificultade, o roteiro do Monte Penizas é un percorrido lineal de 6 quilómetros que alterna tramos de carreteira e camiños para alcanzar un dos grandes miradoiros sobre a ría e visitar dous dos monumentos de arquitectura relixiosa máis destacables do municipio: Santa María do Campo e Santo Tomé de Piñeiro.

Existe unha desviación ó Muíños do Loira que engade case un quilómetro á ruta, pero transcorre por unha área de grande beleza natural.

Ademais, o Concello de Marín organiza andainas para tódolos públicos que percorren en grupo estes e outros roteiros da zona. Mais información e inscrición na páxina web da Área de Turismo.

### 6.- A Danza das Espadas

A Festa de San Miguel celébrase a finais de Setembro, desde 1639. Esta festa, declarada de Interese Turísticos de Galicia pola súa antigüidade, singularidade, arraigo e valor cultural, vai acompañada da Danza das Espadas, un baile centenario que interpretan homes e mulleres en ofrenda a San Miguel, patrón do Gremio de Mareantes.

Á festa patronal únese a festa popular de San Migueleiro, unha ruta polos locais gastronómicos da cidade, acompañada de charangas e concertos, que atrae a mozos e familias de toda Galicia e moitos outros lugares de España e Portugal.

Outras festas populares son as Festas do Carmen, a principios do mes de Xulio, e a Festa da Cigala, a finais do mesmo mes.

## Mais información:

Terras de Pontevedra  
Praza da Verdura 1, Pontevedra  
[www.terrasdepontevedra.org](http://www.terrasdepontevedra.org)  
Instagram: @terrasdpontevedra  
Facebook: [facebook.com/TerrasPontevedra](https://www.facebook.com/TerrasPontevedra)  
Twitter: @tdepontevedra

Centro de Interpretación de Mogor  
[petroglifos.mogor@gmail.com](mailto:petroglifos.mogor@gmail.com)  
Praia de Mogor s/n. 36920 Marín

Granxa de Briz  
Cuesta s/n Marín

Castro A Subidá  
Alto da Porteliña, Cidras

Concello de Marín  
Avd Ourense s/n, Marín

Oficina Municipal de Turismo  
Plaza de España, s/n, Marín



### 7.- As praias de Marín

Pode que no sexan a única razón para visitar Marín, pero son sen dúbida un dos imprescindibles que non te deberías perder: Portocelo, Mogor, Aguate, Loira, El Santo, A Coviña e Lapamán son algúns dos mellores areais das Rías Baixas.

Á súa beleza natural, auga cristalina e envexable area fina, súmase que o Concello de Marín é o primeiro concello de Galicia en contar coa certificación EMAS de xestión medio ambiental para as súas praias e, todas elas salvo A Coviña, contan coa bandeira azul.

Hai moitas opcións para aparcarse na zona, pero quizás a mellor forma de vitalas é a pe ou en bicicleta a través da Rota das Praias, un sendeiro lineal que vai de Portocelo á Praia Santo do Mar e que foi recoñecido como Sendeiro Azul.

**DESCARGA A NOVA APP DE ARTE RUPESTRE!**  
<http://app.terrasdepontevedra.org>

Google play XUNTA DE GALICIA galicia App Store

*Segue explorando Terras de Pontevedra coa App para iOS e Android*

Terras de Pontevedra oferta numerosos atractivos para tódolos viaxeiros. Atopa mais lugares únicos a un paso de Marín ou segue os itinerarios temáticos da aplicación móbil para descubrir algún dos tesouros mellor gardados e desfrutar dun territorio inigualable.